



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número

113

/2025

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS
DUNHA SALA DE USOS MÚLTIPLES NO INMOBLE A ROCHA VELLA - (CENTRO
SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE)**

Na Coruña, o 14 de novembro de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C , representado polo seu Presidente, Don Valentín González Formoso, asistido polo Secretario xeral, Don Miguel Iglesias Martínez, en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, **doutra parte**, o **Concello de Santiago de Compostela**, con NIF P1507900G, representado pola Alcaldesa-Presidenta, **Dona Goretti Sanmartín Rei**, segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello.

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

1º Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

2º Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º A Deputación Provincial da Coruña é titular dun inmovible no Concello de Santiago de Compostela, sito na Rúa do Beado 3, 15.899, Rocha Vella, con referencia catastral 4754346NH3445F0001RI que figura no inventario da Deputación Provincial da Coruña na epígrafe 8 números 6963 e 6611.

4º A Deputación Provincial da Coruña, en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2004, adoptou o acordo de cesión do uso do local sito na Rocha Vella ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de incorporalo á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais.

Unha vez aprobado, asínase o 29 de decembro de 2004 o convenio de cesión de uso a título gratuito ao Concello de Santiago de Compostela do inmovible sito na Rocha Vella con Referencia catastral 4754346NH3445F0001RI titularidade da Deputación Provincial da Coruña, durante un prazo de 30 anos.

No convenio establécese na súa cláusula sexta, que o Concello de Santiago de Compostela se fará cargo de todos os gastos relativos ao mantemento, reparación e conservación dos terreos e instalacións, sen prexuízo das subvencións que poida outorgar a Deputación para esta finalidade.

Así mesmo, na mesma cláusula no apartado f) establece que calquera obra que deba realizarse no inmovible precisará da autorización previa da Deputación salvo as propias de uso e mantemento.

5º O Concello de Santiago de Compostela cedeu o inmovible á Asociación Cultural da Rocha Forte, asociación que foi creada co obxectivo de protexer e restaurar o patrimonio histórico e cultural da fortaleza da Rocha Forte e da súa contorna, tamén coñecido como Castelo dos Churruchaos, situado na parroquia de Conxo e no lugar da Rocha Vella, foi o castelo máis emblemático da mitra compostelá sendo un dos edificios principais da cidade ao albergar a residencia arcebispal e do Cabido.

6ª Dende o ano 2005 a Asociación Cultural da Rocha Forte desenvolveu unha intensa actividade social e cultural. O tamaño da sala de reunións no centro público, con capacidade para 50 persoas, é insuficiente ao celebrarse actos neste espazo que adoitan contar con máis de 70 persoas asistentes.

En consecuencia, o 16 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, acordou aprobar o proxecto para a construción da “Sala de usos múltiples do centro sociocultural de Rocha Forte” asinado dixitalmente polos arquitectos Jago Seara Morales, arquitecto Colexiado COAG 457, e Juan Orozco Corredoira, arquitecto Colexiado COAG 4596 – do 15 de xullo de 2024. O devandito proxecto propón a construción dun atrio protexido e cuberto onde poder facer os actos que programa esta asociación, e que ademais sexa unha área de descanso de peregrinos na parte traseira coa posibilidade de colocar nel uns pequenos bancos de granito.

Este espazo cuberto, a modo de alpendre, situaríase na parte traseira do edificio, paralelo ao muro. A súa xeometría é a dun polígono de catro caras que se vai adaptando ao espazo

7º O 16 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, acordou solicitar á Deputación unha axuda para levar a cabo a execución das obras no Edificio Sociocultural da Rocha Vella, comprometéndose a achegar a este proxecto a cantidade de 74.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 060-93303-

7610000 (reserva de crédito número 220240029998), xustificando a dita actuación en razóns de interese público polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses da provincia, debería contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto. Así fai constar que:

"....O Castelo dos Churruchaos, situado na parroquia de Conxo e no lugar da Rocha Vella, foi o castelo máis emblemático da mitra compostelá sendo un dos edificios principais da cidade ao albergar a residencia arcebispal e do Cabildo. Tivo un período de ocupación desde a ano 1240 ata o 1467 aproximadamente. Foi destruído con ocasión da Gran revolta irmandiña e, a diferenza doutras fortificacións, esta non foi reconstruída.

Aínda hoxe se seguen recuperando neste xacemento restos que permiten afondar no coñecemento da historia medieval compostelá e galega.

Na actualidade, o estado da fortificación é ruinoso e está sendo estudado en diferentes campañas arqueolóxicas que se levaron a cabo desde o ano 2001 grazas á colaboración do Concello de Santiago coa Universidade de Santiago de Compostela, e sempre co impulso da asociación cultural de Rocha Forte.

No ano 2002, contando xa co apoio da Deputación da Coruña, o concello redactou o proxecto arquitectónico para a rehabilitación da Casa Baltar co obxectivo de crear o Centro Sociocultural da Rocha Forte.

A propiedade da parcela e do edificio é da administración provincial, que cedeu o seu uso ao Concello no ano en que as primeiras escavacións arqueolóxicas deron os seus primeiros froitos: a aparición de 12 proxectís de pedra de gran tamaño permitiu coñecer a munición empregada nas revoltas Irmandiñas. Este episodio abriu un período no que se sucederon documentais, publicacións escritas e obras musicais de divulgación da historia e patrimonio medievais.

Dende o ano 2005 a Asociación Cultural da Rocha Forte desenvolveu unha intensa actividade social e cultural. O tamaño da sala de reunións no centro público, con capacidade para 50 persoas, é insuficiente ao celebrarse actos neste espazo que adoitan contar con máis de 70 persoas asistentes.

Xa no ano 2020 produciuse un dos descubrimentos máis esperados: a denominada terceira muralla, representada na documentación que constaba da fortaleza pero que aínda non fora desenterrada nin existían probas da súa existencia.

Máis adiante, no ano 2022, o Concello de Santiago executou dentro do programa Edusi (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado) un proxecto para a dotación dun pequeno aparcadoiro, permitindo a recuperación desde a estrada principal dun sendeiro, o acondicionamento dunha parcela abandonada para a plantación de árbores froiteiras e a construción dun miradoiro sobre o castelo.

A recuperación da paisaxe física pero tamén cultural da contorna precisa da implicación de múltiples axentes co obxectivo de descubrir, poñer en valor, protexer e divulgar o coñecemento sobre a nosa historia.

A ampliación do espazo da asociación veciñal Rocha Forte nunha parcela propiedade da Deputación da Coruña permitirá ampliar tamén a acción dun

colectivo que loitou intensamente para que as institucións iniciasen a recuperación e posta en valor dos restos da fortaleza"

8º- A Deputación recoñece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso e a execución do "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN SALA DE USOS MÚLTIPLES DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE"

9º- O Concello de Santiago de Compostela, **comprométese a achegar 74.000,00 €** para a execución do proxecto.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente CONVENIO conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela con NIF P1507900G para a execución do proxecto "**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA SALA DE USOS MÚLTIPLES DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE**" redactado polos arquitectos: Iago Seara Morales, colexiado número 457 COAG e o arquitecto Juan Orozco Corredoira, colexiado número 4596 COAG en xullo de 2024, cun prazo de execución de 6 meses e no que se inclúe a seguinte actuación:

- Intervención na parcela de referencia catastral 4754346NH3445F0001RI coa finalidade de deseñar e executar unha **SALA DE USOS MÚLTIPLES NO INMOBLE A ROCHA VELLA - (CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE)**

O proxecto recolle un orzamento base de licitación por importe de 172.318,33 € ao que se sumarán os importes correspondente aos contratos conexos, a dirección de obra e o control arqueolóxico, polo que o importe total da actuación ascendería a 187.896,41 € tal e como se detalla na seguinte cláusula.

SEGUNDA. ORZAMENTO DAS OBRAS

O orzamento total do proxecto para a construción dunha **SALA DE USOS MÚLTIPLES NO INMOBLE A ROCHA VELLA - (CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE)** ascende a:

Orzamento de execución material	119.673,81 €
13% de gastos xerais	15.557,60 €
6% de beneficio industrial	7.180,43 €
Orzamento sen IVE	142.411,84 €
21% IVE	29.906,49 €

Orzamento total	172.318,33 €
------------------------	---------------------

O orzamento da obra, desagregase para os efectos de financiamento, do seguinte xeito:

Orzamento execución material	119.673,81 €
Gastos xerais (13%)	15.557,60 €
Beneficio industrial (6%)	7.180,43 €
Orzamento sen IVE	142.411,84 €
IVE (21%)	29.906,49 €
Orzamento execución por contrata	172.318,33 €

Orzamento de contrata coordinación de seguridade e saúde	586,40 €
Orzamento de contrata control de calidade	Incluído no orzamento do proxecto
Orzamento dirección de obra	9.689,82 € + IVE= 11.724,68 €
Orzamento control arqueolóxico	2.700,00 € +IVE= 3.267,00 €
TOTAL:	187.896,41 €

TERCEIRA. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará a execución das obras incluídas no proxecto mediante procedemento aberto e conforme aos seus pregos-tipo, os contratos conexos, a dirección de obra así como a redacción do proxecto de control e seguimento arqueolóxico, e o seguimento arqueolóxico permanente e continuo e a pé de obra por parte de técnico/a arqueólogo/a

CUARTA. DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE. CONTROL E SEGUIMIENTO ARQUEOLÓXICO

A **dirección de obra** realizarase por persoal externo aos servizos técnicos da Deputación asumindo os gastos que diso se deriven.

Orzamento dirección de obra	11.724,68 €
-----------------------------	--------------------

A **dirección da execución** realizarase por persoal técnico do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, a Deputación levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a **coordinación de seguridade e saúde**.

Orzamento de contrata coordinación de seguridade e saúde	586,40 €
Orzamento de contrata control de calidade	Incluído no orzamento do proxecto
Orzamento control arqueolóxico	3.267,00 €

Por último, a Deputación contratará a redacción dun proxecto de control arqueolóxico e o seu seguimento durante a obra, o seu financiamento será con cargo a fondos provinciais.

QUINTA. MODIFICACIÓNS NO PROXECTO DE OBRA

5.1. No caso de que durante a execución das obras de referencia sexa necesario modificar o proxecto, este requirirá a aprobación da Deputación Provincial da Coruña.

5.2. Calquera incremento derivado de modificacións relativas ás obras será financiado proporcionalmente polas dúas entidades.

SEXTA. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

6.1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación das obras, da súa dirección de obra, así como da coordinación da seguridade e saúde e do control e seguimento arqueolóxico. Así mesmo, a xestión das obras ata completar a súa finalización e a formalización do acto de recepción, de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula DÉCIMA.

As actuacións expresadas abranguen, de ser o caso, as modificacións xustificadas das obras, ata que a construción mereza a plena conformidade da Deputación Provincial da Coruña, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de seren cedidas ao concello para destinalo a servizo e uso público.

6.2- Levar a cabo a dirección da execución das obras polo Servizo Técnico de Arquitectura e Mantemento da Deputación provincial.

6.3. Controlar a coordinación da seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

6.4. Control e seguimento arqueolóxico: Contratar a redacción dun proxecto de control arqueolóxico e o seu seguimento durante a obra

6.5. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos.

Esta garantía non cubrirá os danos que se produzan por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

6.6. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello de Santiago de Compostela no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poida xurdir no desenvolvemento da

actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra.

SÉTIMA. OBRIGAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

7.1. Financiar as actuacións de *SALA DE USOS MÚLTIPLES NO INMOBLE A ROCHA VELLA - (CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE)*, nos termos estipulados na cláusula OITAVA

7.2. A efectiva posta a disposición da Deputación Provincial da Coruña, antes do inicio das obras, do inmoble obxecto de renovación para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula PRIMEIRA

7.3. Asumir a realización das xestións pertinentes, perante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidese dar lugar a execución das obras; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia, sin prexuízo da repercusión dalgún destes datos ao contratista adxudicatario da obra nos supostos que corresponda.

7.4. Recibir as obras e, como cesionario destas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación.

7.5. Adscribir a uso socio-cultural, a sala de usos múltiples obxecto do proxecto, ata o ano 2034, segundo convenio de cesión subscrito o 29 de decembro de 2004.

7.6. No ámbito das súas facultades, colaborar coa Deputación Provincial da Coruña no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problema que poida xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra.

OITAVA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

8.1- O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio, tendo en conta o orzamento do proxecto así como os dos contratos conexos e a dirección de obra, ascende a **187.896,41** euros distribuído do seguinte xeito entre as partes asinantes:

A Deputación Provincial da Coruña financiará o **60,62%** do orzamento total da actuación ata un máximo de **187.896,41 €**, ata un máximo de **113.896,41 €* con cargo á aplicación orzamentaria 0420/93391/62200**

O Concello de Santiago de Compostela financiará o **39,38%** do orzamento máximo da actuación que ascende a **187.896,41 €** ata un máximo de **74.000,00 €* e que se aboará conforme ao establecido na cláusula NOVENA do presente convenio.**

8.2- Calquera incremento nesta actuación derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, serán financiados por ambas entidades, proporcionalmente ao

coeficiente de financiamento. Igualmente, as baixas minorarán as achegas de ambas entidades, proporcionalmente ao coeficiente de financiamento.

NOVENA . PAGO

9.1. A Deputación aboará ao contratista adxudicatario das obras o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras así como os gastos conexos, acompañados das respectivas facturas, conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, o adxudicatario do contrato da obra deberá remitir coa última certificación informe dos ensaios de control de calidade realizados durante a execución da obra.

9.2. A Deputación requirirá ao Concello de Santiago de Compostela, no momento da emisión da última certificación e en todo caso antes da recepción da obra, o ingreso nun pago único da achega municipal establecida na conta que sinale a Deputación, no prazo máximo de dous meses dende a notificación do dito requirimento

9.3. No caso de falta de pagamento, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano provincial competente, para o inicio do procedemento de compensación desta débeda.

DÉCIMA. ACTA DE RECEPCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS

10.1. A Deputación Provincial da Coruña comunicará ao Concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade.

10.2. O Concello será convocado ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras pola Deputación provincial, e a entrega documentarase na acta que se emita para tal efecto, asinada polos representantes de ambas as dúas administracións.

De ser o caso, a Deputación poderá cursar notificación ao Concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñendo estas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o Concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

10.3. O concello NON adquirirá a titularidade das obras correspondentes á construción dunha *SALA DE USOS MÚLTIPLES NO INMOBLE A ROCHA VELLA - (CENTRO SOCIOCULTURAL DE ROCHA FORTE)*, se ben asumirá todos os gastos derivados da súa explotación, conservación e mantemento, de conformidade co convenio suscrito, xa que a execución da obra de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida pola Deputación Provincial da Coruña de cooperación técnica, de acordo co establecido neste convenio.

UNDÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos presidente-alcaldesa, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

DUODÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO. PRÓRROGA. MODIFICACIÓN.

12.1. O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o remate das obras e formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso ata o 30 de novembro de 2027.

12.2. No entanto, este prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

12.3. Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 46750 de data 9 de outubro de 2025.

E en proba de conformidade, asinan en duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Goretti Sanmartín Rei

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez